

**Microartigo publicado en *Sermos*, 10 de setembro de 2015**

Honorarios cobrados: 0€

## **contén o alento**

Tocouche vivir nun universo no que estás a ler un contido dentro dun continente. Non me refiro a Europa - Europa como continente ou como qué, dá xa non para outro artigo, mais ben para un tratado físico nuclear- senón ao **formato**. Sílex, papel de xornal, parede, pantalla, holograma... Agora tocoume ser vector dunha idea que chega a ti a través dun formato concreto. E esa idea transmúta con cada soporte que a leva a ti.

A idea é **o cuestionamiento do que significa *contido* e do valor que lle damos en comunidade**. Un libro é contido engabetado e portátil, elaborado con certos materiais e unha lexitimidade da que ninguén dubida. Que acontece con aquilo algo máis *inmaterial*? Centro a atención na rede: intrígame observar como tratamos aos contidos dixitais. Ao principio semellaban ter unha aura *amateur*. Case case *ilexítima*. Algo pendurado en internet carecía do aval de expertos, non pasaba peneiras. Podía ser- e de feito moitas veces o é- calquera cousa, algo ata apócrifo ou *fake*.

Agora resulta que, por exemplo, **un artigo científico, poema ou conto nunha web xa non se considera inédito**. Quere iso dicir que é édito? Case *pero*. Ninguén o terá en conta, así sexa fabuloso ou mediocre, á hora de facer unha crítica nun medio de comunicación ou de valoralo para un premio canda outros textos fabulosos ou mediocres chegados ao mundo noutros soportes. É un contido? Seica non en plenitude. **É un limbo**. Parécese máis ao *alento contido*, algo inminente cuxo significado non debemos descifrar senón simplemente aceptar na cara.

Alento na cara. *Forma e contido* son o mesmo alento e só o que nos conta ou nos xea a cara é válido. **Por que logo somos reticentes a pagar polo contido útil da rede?** Só por terse atopado en internet? Aquí hai un xeito novo de valorar: o que ti estimas de utilidade ou marabilla. O prezo non o fixa o mercado: non hai mercado [aínda]. O prezo fíxalo ti, se queres.

É esa imprecisión o que tememos? Por iso contemos o alento ante o que contén alento [alento útil, alento significativo]?

Estíbaliz...Espinosa